



A dermatite do ubre

Este artigo dá a coñecer os detalles desta enfermidade no gando vacún e alerta da importancia do seu tratamento para evitar males maiores, como unha mastite clínica ou o risco de complicacións máis graves, que incluso poden poñer en risco a vida da vaca.

Luis Miguel Jiménez
Servet Talavera SL
luismi-che@servettalavera.es

A pel do ubre é fina, suave e con pouca adhesión ao tecido subcutáneo, a diferenza da dos tetos, que está firmemente adherida ao tecido subcutáneo. Esta pel está adecuada para poder aumentar o seu tamaño, isto é, dilatarse a medida que a vaca empeza a prepararse para a produción, unha vez que empeza a costroxénese. Debido a este feito, as vacas que teñen un maior número de lactacións tenden a tela moito máis fina que as de primeiro parto ou que as xovencas que non pariron.

A MICROBIOTA DO UBRE E A SÚA FUNCIÓN DEFENSIVA

Existe unha microflora na pel do ubre que se coñece co nome de microbiota do ubre. Está composta por microorganismos como bacterias, virus, fungos e parasitos. Non se debe confundir coa microbiota do interior da glándula mamaria. A súa importancia radica na súa implicación na función defensiva fronte a posibles infeccións mediante, por exemplo, a produción de substancias inhibitorias de posibles microorganismos agresores. Existen bacterias como *Staphylococcus spp.*, *Corynebacterium spp.*, fungos como *Malassezia spp.* e mesmo ácaros como *Demodex*.

A pel do ubre é moi susceptible a infeccións por diferentes axentes patóxenos; así pois, inféctase facil-

mente, por exemplo, por virus como poxvirus, herpesvirus ou mesmo papilomavirus, o que ocasiona certa dor e incomodidade na vaca. Por suposto, estas infeccións tamén se producen por bacterias e por fungos, que adoita ser o máis común.

DEFINICIÓN, CAUSAS PREDISPOÑENTES E PATOXENIA DA DERMATITE DO UBRE

A dermatite do ubre, dermatite fendida do ubre ou UCD (*udder cleft dermatitis*) ou intertrigo é unha lesión que se produce na inserción dorsal do ubre, xusto na liña media ventral, entre os dous cuartos dianteiros. Hai que considerar que a denominación de intertrigo, que en ocasións se aplica a esta dermatite, en realidade está mal aplicada, posto que esta lesión, a dife-

► AS VACAS QUE TEÑEN UN MAIOR NÚMERO DE LACTACIÓNS TENDEN A TER A PEL DO UBRE MOITO MÁIS FINA QUE AS DE PRIMEIRO PARTO OU QUE AS XOVENCAS QUE NON PARIRON

renza da dermatite, se produce por fricción entre dúas superficies da pel, o que trae como consecuencia unha contaminación bacteriana.

Por norma xeral prodúcese en vacas adultas e é máis frecuente en paridas recentemente, xa que hai inflamación e edema e, como indicamos, a pel nesta situación é máis fina.

Un dos factores asociados a esta lesión é a produción de leite, máis común en rabaños que teñen unha produción por riba de 10.900 kg. Outro factor asociado crese que pode ser o uso de pediluvios, aínda que isto é unha hipótese. Adoita ser máis común en vacas múltiparas, a partir da terceira lactación e ten moito que ver o ángulo de inserción do ubre na parede abdominal. Desta maneira, canto maior sexa este ángulo, menor será a probabilidade de padecer a dermatite.

A causa pola que se produce esta dermatite débese, en principio, a un incremento da presión sangüí-

nea, o que desencadea unha maceración da pel, así como unha necrose isquémica. ►►



DISTRIBUIDOR DE GEA ROBOTICS
PARA LA PROVINCIA DE A CORUÑA


GEA DairyRobot R9500

- # Dos unidades finales
- # Baja presión en el ordeño
- # Producción y sanidad garantizada



GEA engineering for
a better world
Robotics

Ciclo *Stephanofilaria stilesi*



► ADOITA SER MÁIS COMÚN EN VACAS MULTÍPARAS, A PARTIR DA TERCEIRA LACTACIÓN, E TEN MOITO QUE VER O ÁNGULO DE INSERCIÓN DO UBRE NA PAREDE ABDOMINAL

Existe unha dermatite, tamén ulcerativa, que se produce entre a cara medial da coxa e a cara externa do ubre, que se coñece como eccema húmido, que é máis común en xovencas e que ten como axente causal a *Fusobacterium necrophorum*.

A etioloxía desta lesión é moi controvertida e non está clara de todo. Por exemplo, no ano 2000, Beattie e Taylor argumentaron que a bacteria *Treponema* spp. podería ser un dos microorganismos responsables da dermatite e tamén axente causal da dermatite interdixital.

Pódense illar bacterias aerobias como *Trueperella pyogenes*, *Escherichia coli* e *Staphylococcus aureus*; tamén bacterias anaerobias, como *Bacterioides pyogenes*, *Fusobacterium necrophorum* e diferentes especies de clostridios. Tamén se pode contaminar con diversas especies de fungos, como *Geotrichum* spp., *Candida* spp e *Malassezia* spp.

En calquera caso, nesta lesión pódense illar gran cantidade de microorganismos, sobre todo bacterias, pero non está claro que sexan axentes causais ou contaminantes.

Dentro da etioloxía desta patoloxía crese que pode ter importancia a parasitación por *Stephanofilaria stilesi*, parasito da familia *Filariidae*, e pode ser responsable da orixe da lesión.

Cando a causa se debe a esta estefanofilaria, adoitan ser lesións que aparecen a finais da primavera e principios do verán. Estas lesións non soamente se circunscriben ao ubre, senón tamén aos tetos e esténdense á cara ventral do abdome.

Neste caso esta lesión recibe o nome de “úlcer de verán”. As filarias femias enquistadas debaixo da epiderme depositan microfilarias que directamente ou por vía hemolinfática van á pel.

Unha vez que a lesión está formada, pódese transmitir dunha vaca a outra a través de insectos, especialmente moscas. A mosca involucrada na transmisión adoita ser *Haematobia irritans* ou mosca dos cornos. En campo identificouse este axente, aínda que non hai ningún caso reportado.

PREVALENCIA DA DERMATITE DO UBRE

Con respecto á prevalencia desta afección, realizáronse dous estudos; un deles tivo lugar en Suecia en 2014, fíxose en 6 rabaños con 1.084 vacas e a prevalencia foi do 18,5 % (Persson Waller *et al.*). O outro grande estudo realizouse en 2015 en Holanda, con 948 vacas de 20 explotacións e a prevalencia foi do 5,2 % (Riekerink *et al.*).

LESIÓNS E SIGNOS CLÍNICOS

As lesións que se producen son desde cambios leves na pel con eritema, pequenas costras, pústulas... ata outras moito máis graves, como úlceras, secreción serosanguinolenta e mesmo necrose e secrecións purulentas.

O signo clínico é un característico mal cheiro, parecido ao dunha metrite ou unha retención de placenta. A lesión pode ter ao comezo unha superficie de 2-3 cm de lonxitude e alcanzar ata 10-20 cm. Adoita haber engrosamento da pel, exuda-

do serosanguinolento, eritema e desaparición de folículos pilosos. En raras ocasións hai baixada na produción de leite, inapetencia ou mesmo febre.

Unha dermatite pode empezar de forma incipiente cunha simple costra ata acabar cunha grande úlcera. ►►



Usuarios de UNIFORM en España

UNIFORM-Repro, programa de gestión de rebaños de vacuno lechero.

Tenga todo bajo control desde el ordenador o el móvil.

Con diseño visual, registro de datos ágil y enlaces a otros programas. Le ayudará a tomar decisiones, hacer un mejor seguimiento y ahorrar tiempo.

Y siempre con la tranquilidad y seguridad de un servicio de asistencia de calidad.



Experiencias de usuarios

Maxi de Ganadería Maestro

"Lo que más valoro es tener un buen servicio. Que llames, te contesten rápidamente y te den respuesta. Que te resuelvan rápido la consulta es fundamental."



Paco y Jose de SAT García Quintana


"Si nos dicen hace unos años que vamos a tener el control del ganado que logramos hoy en día con la digitalización, no lo creemos. Es algo exagerado."



► ACONSÉLLASE EN TODOS OS CASOS LAVAR BEN ESTA FERIDA CON AUGA E XABÓN, ASÍ COMO APLICAR ANTISÉPTICOS COMO AUGA OSIXENADA E SOLUCIÓNS CON POVIDONA IODADA

UCD score 0-1

No UCD



UCD score 2

Mild UCD




UCD score 3

Severe UCD



UCD score 4

Severe UCD



UCD score 5

Severe UCD



Imaxes: cortesía de Lisa Ekman

Como podemos ver na clasificación realizada por Lisa Ekman, existen varios graos de lesión. Esta autora clasifica a dermatite do ubre en moderada e severa, aínda que dentro do grao da dermatite severa hai varios niveis.

UN DIAGNÓSTICO CLÍNICO SIMPLE E UN MAL PROGNÓSTICO

O diagnóstico é moi simple. Basicamente, a mellor pista é o cheiro e posteriormente a visualización. O que se debe facer é realizar un raspado co fin de visualizar ao microscopio os posibles axentes causais.

O prognóstico non é bo, xa que se trata dunha úlcera tórpida cunha evolución lenta, que chega mesmo a durar tres meses ou máis. Un feito

relevante é que en moitas explotacións se presentan máis dun caso á vez.

É importante considerar que o risco de que unha vaca cunha úlcera desenvolva unha mastite clínica aumenta nun factor x 3. Isto pódese deber a que a úlcera é un reservorio de microorganismos. Tamén se describiu que, nalgunha ocasión, sobre todo cando a ferida é moi profunda, pódese producir unha embolia pulmonar, o que ocasiona a morte da vaca (Hansen e Nissen, 2010).

Existen recuperacións espontáneas, isto é, sen usar ningún tipo de tratamento. Nun primeiro estudo levado a cabo en 2016 por Bouma *et al.* rexistráronse un 61 % de recuperacións espontáneas. Estudos

► A DERMATITE DO UBRE É UNHA PATOLOXÍA QUE ESTÁ MOI DIFUNDIDA POLAS EXPLOTACIÓNS E EXISTE CASE SEMPRE ALGUNHA VACA CON ESTA LESIÓN



máis recentes, como o realizado por Lisa Ekman *et al.* (2020), rexistrou un 38 % de casos que se recuperaron en 4-8 semanas, e era nas vacas con 3 ou máis partos nas que existía unha menor taxa de recuperación.

TRATAMENTO: NON HAI EFICACIA COMPLETA

Con respecto ao tratamento, non existe un tratamento eficaz ao 100 %. Cada veterinario ou gandeiro ten o seu propio. O que se aconsella en todos os casos é lavar ben esta ferida con auga e xabón, así como aplicar antisépticos como auga osixenada e solucións con povidona iodada.

Usáronse tratamentos tópicos con cobre e zinc. Neste caso, o zinc produce unha recuperación da pel estimulando o crecemento de células epiteliais e o cobre ten un efecto antimicrobiano e, á súa vez, estimula a formación de vasos sanguíneos.

Experimentouse con alginoxel enzimático con encimas lactoperoxidasa e glicosa oxidasa, tratamento de feridas usado en medicina humana (Van Werven *et al.*, 2018), que é efectivo para úlceras severas.

Outro dos tratamentos aconsellados e moi estendido é o uso de pomadas con substancias desinfectan-

tes como povidona iodada, á que se lle engaden antibióticos e antifúngicos, debido á gran variedade de microorganismos implicados. Tamén é aconsellable usar algún antiparasitario pola posible existencia de filarias e/ou moscas.

CONCLUSIÓNS

Como conclusión pódese dicir que a dermatite do ubre é unha patoloxía que está moi difundida polas explotacións e existe case sempre algunha vaca con esta lesión. Poderíamos afirmar que a prevalencia en España sería moi similar ao estudo realizado en Holanda, preto do 5 %. É unha lesión cuxa etiología é moi controvertida e existe gran variedade de xermes implicados, dos cales moitos, sen lugar a dúbida, actúan como contaminantes.

Esta dermatite débese tratar canto antes, debido a que aumenta o risco de que se desenvolva unha mastite clínica e, por suposto, por un problema de benestar, así como polo risco da complicación máis grave, que é unha embolia pulmonar que acaba coa vida da vaca. Este tratamento axuda a que o proceso de cicatrización se acelere. ■

AgroBank

**Asesoramento
e servizo para
o sector agrario**

